CONCELLO DE SANTIAGO

INSTRUCIÓNS PARA A SOLICITUDE E NORMAS DE SEGURIDADE, CONVIVENCIA E RESPONSABILIDADE NA CELEBRACIÓN DE CACHARELAS / SARDIÑADAS DE SAN XOÁN 2026

1. OBXECTO

O obxecto deste documento é establecer as instrucións para solicitar autorización para a celebración de cacharelas e/ou sardiñadas con motivo do San Xoán 2026. Así mesmo, fíxanse as normas de seguridade, convivencia e responsabilidade, que serán de obrigada observación e cumprimento por parte das persoas solicitantes na celebración das devanditas cacharelas e/ou sardiñadas.

2. PERÍODO AUTORIZABLE

Con motivo da celebración da festividade do San Xoán 2026, poderán celebrarse cacharelas e/ou sardiñadas durante todo o mes de xuño.

3. ESPAZOS PÚBLICOS NON AUTORIZABLES

Prohíbese expresamente a celebración de cacharelas e/ou sardiñadas de San Xoán 2026 nas seguintes prazas: Obradoiro, Quintana, Toural, Praterías, San Martiño Pinario, Cervantes, Inmaculada, Mazarelos, Irmán Gómez, San Miguel e Santo Agostiño.

4. INSTRUCIÓNS PARA A AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DE CACHARELAS E/OU SARDIÑADAS EN ESPAZO PÚBLICO

4.1. A ocupación da vía pública para celebrar cacharelas e/ou sardiñadas en espazo público, está suxeita á correspondente autorización da Concellaría de Mobilidade.

A devandita autorización será publicada na páxina web municipal, por considerarse de interese xeral que a veciñanza participante nas cacharelas ou sardiñadas coñeza os termos da resolución por razóns de protección do medio ambiente e de seguridade pública (artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común).

A actividade recreativa consistente na celebración da cacharela e/ou sardiñada, para a que se solicita a ocupación, está sometida ao réxime de declaración responsable.

A **solicitude de ocupación** da vía pública formalizarase mediante a presentación do modelo oficial **(MO002),** dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago (https://sede.santiagodecompostela.gal), debidamente cuberto e asinado en todos os seus apartados, segundo as instrucións recollidas no modelo.

Se a solicitante é persoa física, esta deberá ser maior de idade. No caso de confluír varias solicitudes para un mesmo espazo, o criterio de asignación será a orde de entrada no rexistro, da documentación completa, e daráselle prioridade ás solicitudes presentadas por asociacións veciñais e culturais con enderezo social no municipio de Santiago de Compostela.

Código seguro de verificación :16337003121345761507 Rexistro
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal

O modelo MO002 contén a **declaración responsable** pola que a persoa solicitante manifesta, baixo a súa responsabilidade:

- Que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade.
- Que dispón da documentación que así o acredita.
- Que a porá a disposición da administración cando lle sexa requirida.
- Que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio.
- Que coñece e comprométese a respectar as normas de seguridade, convivencia e responsabilidade que son de obrigada observación e cumprimento para as persoas solicitantes da celebración de cacharelas e/ou sardiñadas no municipio de Santiago de Compostela.

A normativa de aplicación aparece recollida no reverso do modelo MO002.

A solicitude deberá acompañarse da **documentación** que se indica a continuación, segundo as características dos distintos elementos que se instalen, como complemento, no seu caso, á celebración da propia cacharela/sardiñada.

A) A solicitude para a celebración da **cacharela/sardiñada** deberá acompañarse, **en todo caso**, da seguinte **documentación**:

- Documento de identidade da persoa solicitante e, no seu caso, da representante.
- Plano de situación do espazo público que se vai ocupar no que se sitúen con precisión a localización da cacharela e/ou sardiñada e os demais elementos que se vaian instalar.
- Memoria da actividade onde se determine a capacidade estimada, co contido e detalle que lle permita a esta Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa aplicable. En caso da instalación de faixas publicitarias ou pancartas, deberá especificarse a lenda empregada nelas.
- Seguro de responsabilidade civil co capital mínimo asegurado que corresponda en atención ao disposto no artigo 8 do Decreto 226/2022 polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como o xustificante de pago do período en curso.

B) Se a realización da actividade **require a montaxe de estruturas non permanentes desmontables**, non consistentes en escenarios ou tarimas de superficie igual ou superior a 60 metros cadrados, ou dunha altura superior a 0.50 metros, ou atraccións itinerantes de feira ás que acceda ou ás que se suba o público, a documentación que cómpre achegar xunto coa solicitude é:
    a. A relacionada no apartado A
    b. Concluída a instalación, e antes da súa posta en funcionamento, a persoa solicitante deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal, na que se acredite que as instalación reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.

C) Se a realización da actividade implica a montaxe de estruturas non permanentes desmontables tales como **escenarios ou tarimas de superficie igual ou superior a 60 metros cadrados, ou dunha altura superior a 0.50 metros, ou atraccións itinerantes de feira ás que acceda ou ás que se suba o público**, a documentación que haberá que achegar xunto coa solicitude é:
    a. A relacionada no apartado A

Código seguro de verificación :16337003121345761507 Rexistro
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal

b. Proxecto técnico onde se defina en detalle o contido exacto da actividade recreativa, de xeito que lle permita a esta Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa aplicable. Xustificará o cumprimento das condicións técnicas e de seguridade de acordo ao establecido no artigo 7 da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, artigo 4 do Decreto 226/2022 polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas, e demais normativa sectorial aplicable. O proxecto e documentación técnica serán redactados e asinados por persoal técnico competente.
c. Documento acreditativo da designación, por parte da persoa solicitante, da persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade técnica da execución do proxecto e da montaxe da instalación, asinado por ambas as partes.
d. Certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles na normativa vixente.
e. Plan de autoprotección e plan de emerxencia cando así o esixa a normativa sectorial de aplicación.
f. O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características.
g. Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento, a persoa solicitante deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por persoal técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal, na que se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.
h. Se a actividade require realizar unha instalación eléctrica de baixa tensión, será preciso acompañar ademais:
    i. certificados de instalación eléctrica presentados ante o organismo competente da comunidade autónoma, que acrediten a legalización de todos os circuítos eléctricos que parten da fonte de enerxía ata os receptores, ou documento técnico asinado por persoal cualificado que asuma a responsabilidade técnica da instalación eléctrica necesaria.
    ii. no caso de ser necesario grupo electróxeno como fonte de enerxía illada e temporal: copia da documentación técnica e certificado da declaración CE.

Non se autorizará ningún enganche á redes eléctricas dos servizos municipais, edificio municipal ou establecementos privados, de ningún tipo de receptor ou instalación que non pertenza á dita rede ou instalación.

4.2. As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Santiago ou calquera outro rexistro electrónico, **dende o 1 de xuño ata o 19 de xuño de 2026**.

5. INSTRUCIÓNS PARA A COMUNICACIÓN PREVIA DE CACHARELAS E/OU SARDIÑADAS EN ESPAZO PRIVADO

As persoas, organizacións ou comunidades promotoras da organización de cacharelas ou sardiñadas que se desenvolvan en terreos de propiedade privada, deberán presentar comunicación previa da actividade ante o Concello.

A comunicación previa formalizaraa unha persoa maior de idade, mediante a presentación do modelo oficial (**MO008**) dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago (https://sede.santiagodecompostela.gal) debidamente cuberto e asinado en todos os seus apartados, acompañado do documento de identidade da persoa solicitante e, no seu caso, da representante.

Código seguro de verificación :16337003121345761507 Rexistro
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal

O modelo MO008 contén a **declaración responsable** pola que a persoa solicitante manifesta coñecer e comprométese a respectar as normas de seguridade, convivencia e responsabilidade que son de obrigada observación e cumprimento por parte das persoas solicitantes da celebración de cacharelas e/ou sardiñadas no municipio de Santiago de Compostela.

A presentación da comunicación previa habilita as persoas solicitantes para a realización da actividade.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Santiago, calquera outro rexistro electrónico, rexistro xeral, ou ben a través do banner instalado na páxina web municipal (www.santiagodecompostela.gal) dende o **1 de xuño ata o día 19 de xuño de 2026.**

6. NORMAS DE SEGURIDADE E CONVIVENCIA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DA CELEBRACIÓN DE CACHARELAS / SARDIÑADAS 2026

As seguintes normas de seguridade e convivencia serán de obrigada observación e cumprimento para as persoas solicitantes:

- Deberanse coidar os arredores.
- Deberase coñecer o número de teléfono dos Bombeiros 981 542 444 e o de Emerxencias (112).
- Se o lugar de celebración está en zona urbana, o volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro, nin 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Se o lugar de celebración está en zona rural, o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro, nin 9 de perímetro, nin 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano será como mínimo de 12 metros, agás na zona urbana.
- Porase especial coidado en situar a fogueira afastada das vivendas, vehículos e instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables. Asemade, non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, as persoas organizadoras encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. A area será proporcionada polo Concello, baixo petición. Para solicitala deberá remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo traficocidadan@santiagodecompostela.gal.
- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas promotoras e solicitantes ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga e garantirse de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o seu desenvolvemento, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f en relación co artigo 17 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Cumprir o establecido na Lei 6/2025, de 23 de decembro, de protección a saúde da persoas menores e prevención das condutas aditivas.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as seguintes ordenanzas municipais de aplicación:

Código seguro de verificación :16337003121345761507 Rexistro
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal

- Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública, aprobada polo Pleno da Corporación do 25 de outubro de 2012 (BOP do 18/11/2012).
- Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, a respecto da emisión do nivel sonoro.
- Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, aprobada polo Pleno da Corporación do 28 de decembro de 2006 (BOP do 17/02/2007) modificada polo Pleno do 23 de decembro de 2008 (BOP do 17/04/2009).

En todo o non previsto nestas normas, será de aplicación o disposto na Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia , no Decreto 226/2022, do 22 de decembro que a desenvolve e na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Local das infraccións. Lémbrase que o número de teléfono do Servizo de Bombeiros é o 981 542 444, e o número de emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

7. RESPONSABILIDADE DA PERSOA SOLICITANTE

A persoa solicitante será a responsable dos danos ou perdas a que houbese lugar no caso de que concorrese neglixencia ou imprudencia.

De acordo co disposto no artigo 1908 do Código civil, as persoas solicitantes serán responsables en todo caso polos danos causados pola inflamación de substancias explosivas ou fumes excesivos nocivos para as persoas ou propiedades.

8. ACEPTACIÓN DESTAS NORMAS POLA PERSOA SOLICITANTE

A presentación da solicitude de ocupación de vía pública ou de comunicación previa para a realización da actividade en espazo privado, implica a aceptación por parte das persoas solicitantes das normas de seguridade, convivencia e responsabilidade recollidas nos puntos 6 e 7 deste documento.

Código seguro de verificación :16337003121345761507 Rexistro
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal